



## COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 7 DE OUTUBRO DE 2021

### Acórdase por asentimento<sup>1</sup>:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 8 de setembro de 2021.
2. Aprobar a relación do profesorado que no curso académico 2021/2022 cumpre os requisitos para ser titor ou titora do Traballo de fin de grao en Dereito e autorizar a titorización polos profesores D. José Abundancia Domínguez e D. Roberto Couto Calviño, previa solicitude expresa dos interesados, e delegar na secretaria da Facultade a competencia para realizar as actualizacións que procedan ou corrixir os erros que se detecten.
3. A designación da profesora Dra. Susana Álvarez González e do profesor Dr. Virxilio Rodríguez Vázquez como titores das prácticas externas do Grao en Dereito no curso académico 2021/2022.
4. Ratificar o acordo do tribunal designado para a proposta de concesión do Premio Extraordinario do Grao en Dereito correspondente ao alumnado que finalizou os seus estudos no curso académico 2020/2021.
5. Incluír dentro da programación de Extensión universitaria do centro a seguinte actividade, para a que se reservará 400€ do orzamento correspondente:

“Curso de Actualización Xurídica” (ano 2021-2022).

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Permanente da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 7 de outubro de 2021, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 13 de outubro de 2021.

A Secretaria da Facultade de Dereito  
Asinado dixitalmente  
Concepción Martínez Martínez

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

<sup>1</sup>As persoas interesadas en consultar a documentación poden dirixirse ao correo electrónico da Secretaría do Decanato. [sdefdo@uvigo.es](mailto:sdefdo@uvigo.es)